



Nova Escola Galega

OPINA

Outubro de 2010

INICIO DO CURSO ESCOLAR: OS EFECTOS DA POLÍTICA EDUCATIVA CONSERVADORA

No inicio do pasado curso escolar, e aínda que non pasaran máis ca uns meses dende a apurada vitoria electoral do PP, xa se fixeron notar as liñas directrices da “nova” política conservadora. Ao comezo dun curso “sen problemas”, NEG fixo público un boletín no que poñía de manifesto os principais motivos de preocupación no ámbito da escola pública e do idioma (**NEG Opina** - Outubro 2009). Igualmente, ao seu remate, demos conta nunha nova publicación do balanço dun período marcado pola fenda lingüística que culminou coa publicación do Decreto para o plurilingüismo e os recortes a programas, profesorado, centros e servizos complementarios, nun ataque profundo ao ensino público (**NEG Opina** - Xuño 2010).

Con estes antecedentes, este novo curso empeza a súa andaina pulsando as alarmas para quen teña unha visión da educación preocupada pola súa calidade, pola súa función de igualadora social e pola súa sensibilidade cara aos problemas de Galicia.

APLICACIÓN DAS NOVAS MEDIDAS CONTRA A LINGUA

Trátase do primeiro curso co novo Decreto para o plurilingüismo e, como xa se albiscaba no mes de xuño ao evidenciárense as dificultades dos centros educativos diante dun cambio normativo dese calado, estanse a cumprir teimosamente os agoiros de quen estivemos en contra del.

A elección da lingua polos pais na etapa de educación infantil deu como resultado que case o 90% dos centros das cidades realicen o ensino en castelán, aínda que non deixa de ser esperanzador que o 40% das familias o solicite en galego¹. A explicación simplista e cun punto de cinismo do presidente Feijoo é que así o decidiron democraticamente os pais, como se non soubese que tanto a Lei de Normalización Lingüística, aprobada unanimemente en 1983 gobernando o PP (con Fernández Albor de Presidente), como o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado tamén por unanimidade en 2004 (con Manuel Fraga de Presidente e o propio Feijoo de vicepresidente), obrigan aos poderes públicos a promoveren o galego, precisamente para conseguir a súa normalización; obriga que non se cumpre con esta norma e que é o seu “talón de Aquiles” legal.

Non é pois unha cuestión de máis democracia senón de mandato da soberanía popular deste país. Como ben sabe a Consellería de Educación, as liñas en galego nas cidades, que foron suprimidas, tamén

eran froito dun acordo democrático coas familias; así que o fondo da cuestión é, como ben sabemos, moi diferente.

A aplicación deste decreto presenta dificultades de distinta magnitude e van máis alá da falta de confianza da comunidade educativa, das organizacións cívicas e das institucións máis relevantes na consecución dos seus proclamados obxectivos, evidenciando o seu rexeitamento coa presentación de distintos recursos ante a xustiza, nun xesto inédito no caso da Real Academia Galega, disposta a facer valer as obrigas que as propias leis lle confiren.

Os medios de comunicación reflicten só parte dos moitos problemas que se están a xerar nos centros de ensino coa repartición do 50% -imposible sobre o propio papel- na secundaria e no bacharelato, e sen criterio pedagóxico no conxunto das distintas etapas, toda vez que o propio decreto carecía del. Problemas sobre os que a administración non sabe/non contesta -e, se o fai, nunca por escrito- e que xeran tensións e conflictividade entre o profesorado e/ou entre os distintos órganos de representación do profesorado e das familias. Nese sentido, non podemos esquecer a aprobación precipitada do proxecto lingüístico de centro poucos días antes do comezo de curso en boa parte dos centros.

Cómpre denunciar aquí o baleiro legal no que están algúns centros por non ter aprobado o CE a distribución horaria. A falta de instrucións concretas por parte da administración educativa só contribúe a au-

1. Estudo provisional feito polo STEG, que se pode consultar no seu web: www.stegindicato.org

mentar o conflito e dálles armas aos negacionistas. Temos tamén a elección dos libros de texto nas materias consonte co novo decreto. Aquí o panorama segue a ser tan anárquico coma noutros tempos. Antes o incumprimento era evidente (máis na rede de centros concertada que na pública) e agora o decretado cambio das materias de “ciencias” para seren impartidas en castelán tamén se anuncia que será incumplido. De todas formas no sistema seguirá a primar o castelán, agora con maior apoio da legalidade, como se demostra en todos os estudos que se fixeron ao respecto². O propio Consello Escolar de Galicia di textualmente na súa última revisión do sistema: “Existe un grao de fracaso insólito da lexislación, pois nin sequera se cumpre a normativa naquelas materias nas que o galego é obrigatorio, polo tanto a normalización que a lei preconiza está moi lonxe de acadarse”.



Polo tanto, antes non se daban o 50% das materias en galego e agora será moito menos. Vese que iso da imposición era unha mentira moi

ben difundida e que moitos creron ou aparentaron crer. Vense tamén as situacións esperpénticas ás que levan algunhas interpretacións da legalidade: ata á Carolina lle mudaron a saia por unha “falda”, máis acorde coa nova e, ao tempo, rancia estética, pero seguramente máis estreita para as súas brinca-deiras.

Agora ben, tal e como avanzamos no **NEG Opina** do mes de xuño, non sendo menor a dificultade das comunidades educativas para renunciaren aos avances conseguidos na elaboración e desenvolvemento dos proxectos lingüísticos de centro desde a racionalidade pedagóxica, en moitos casos estase antepoñendo o criterio profesional -rexeitado de maneira irresponsable pola administración educativa- e a preocupación social pola lingua, valorados por riba dunha decisión administrativa tan polémica e tan falta de consenso como a que deu lugar a este novo decreto.

Nesta actitude enmarcamos tamén a dimisión conxunta de todas as persoas coordinadoras de galego dos catro departamentos territoriais e da mesma coordinación en Santiago. Dimisión masiva

2. Ver por exemplo o *Informe sobre a situación e estado do Sistema Educativo de Galicia*.


destinada a manifestar o rotundo desacordo coa política lingüística deste goberno, e que, dándose a coñecer a finais de curso, ten agora a súa efectividade real.

Neste novo contexto, no que a Consellería lembra a obriga de acatar o decreto –por máis que diante das dificultades de aplicación concreta non saiba como con ameazas de sancións por parte de membros do goberno, agroman iniciativas para defender, desde a razón pedagóxica e desde a legalidade que deu sustento á regulamentación normalizadora vixente ata o momento, o pulo do galego no ensino. Tal é o caso do grupo **Profes co Galego**, apoiado na rede social Facebook; a iniciativa de escolas infantís **Galiza co Galego**, e outras auspiciadas por pais e nais que xermolarán a curto e medio prazo.



Este decreto pechoulle a porta ao recoñecemento do labor normalizador de centros e profesorado, obrigándoos a unha reprogramación, sen ofrecer sequera unha saída ou un mínimo acubillo a proxectos senlleiros, contrastados e estimados pola sociedade. Velaí, nestas e noutras iniciativas, as dificultades para o negacionismo.

Se cadra é neste ámbito onde as augas baixan máis revoltas. As acusacións dos voceiros destes grupos contra a Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística e contra as persoas que publicamente a representan constitúen un exemplo de perversión, buscando o descrédito dunha entidade que, desde dentro do sistema educativo, aglutina cada día máis profesionais e equipos de normalización, precisamente polo labor serio e rigoroso que os caracteriza.



Ocorre que desde o negacionismo tiñan a preten-sión de que fosen suprimidos na nova norma, e aínda que efectivamente se minguasen as súas funcións no papel, a súa vitalidade e determinación están

por riba desta circunstancia. Con esta campaña de difamación preténdese minar a súa credibilidade, ou se cadra, como outras veces ten sucedido, poñer ao *gobierno amigo* en apuros por ter mantido unha figura para eles deostada. Apoio e alento para a Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CENDL) no seu labor.

Tal e como se pode comprobar e se denuncia por parte da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, o orzamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística para 2011 redúcese máis do 40%, sobre unhas cantidades que xa eran moi baixas e que xa sufriron en 2010 unha redución de máis do 20%. O goberno de Núñez Feijóo dedicarlle á lingua en 2011 a metade do que lle dedicaba o goberno de Fraga aló pola década dos 90. Estes orzamentos significarán a paralización de proxectos de investigación e fomento da lingua, o peche de servizos de normalización lingüística, a redución de cursos e actividades e o despedimento de moito persoal investigador, traballadores/as de normalización, lectores/as, bolseiros/as, etc.

Cómpre tamén mencionar os chamados “centros plurilingües”, que non son un invento deste goberno; debemos recordar que naceron co anterior as seccións bilingües (no curso pasado eran 300 en 146 centros), definidas máis modestamente como profesorado que se comprometía a dar clase nun terceiro idioma (preferentemente inglés) dunha materia diferente ás linguas. Denominábanse seccións por poder ser unha ou varias as materias que se impartían baixo esas condicións; agora na maioría seguen a dar soamente unha ou dúas materias en inglés (ou francés), e a propaganda desacomplexada do PP manda que se lles denominen “centros” ao que seguen sendo “seccións”.



O PROXECTO ABALAR

Outro problema que tamén ten a súa orixe no pasado curso académico e que continúa complicándose agora é o Proxecto *Abalar*. Para contextualizar esta análise deberemos precisar en primeiro lugar que é unha iniciativa do Ministerio de Educación, denominada “Proxecto 2.0”, e que as Comunidades Autónomas que se acollen a el deben poñer unha partida económica similar á do Goberno Central. Polo tanto, estamos diante dun proxecto de iniciativa do Goberno do Estado, sendo só Goberno de Galicia o 50% do investimento, se ben veremos que é o responsable do 100% da súa mala concepción e xestión.

Despois dun ano, neste principio de curso a administración educativa non foi quen de ter os equipamentos para os centros que foron seleccionados para este proxecto (noutras comunidades xa os teñen). Pero foi a selección dos centros e a falta de formación do profesorado quen realmente converten o Proxecto *Abalar* noutro froito amargo deste principio de curso. A selección dos centros foi polémica, porque nas cidades a inmensa maioría dos centros seleccionados foron centros privados concertados (sirva de exemplo o caso da cidade da Coruña, na que dos 40 centros públicos que ten seleccionou en primeira instancia 6, mentres que da concertada eran elixidos 11 dos 18). Polémicas partidarias á parte -na que uns utilizaban para calcular as porcentaxes só os datos das cidades e outros os globais sen ter en conta o tipo de centros- e utilizando os datos oficiais que aparecen na páxina da Consellería de Educación, estas serían as porcentaxes:



	Nº unidades de Ed. Primaria e ESO	Nº unidades incluídas pola Consellería no Proxecto <i>Abalar</i>	Centros que foron seleccionados (%)
Públicas	8.868	537	6,05%
Privadas concertadas	2.740	156	15,93%

Moito máis do dobre para os centros privados concertados. Pero o defecto mais profundo, o máis importante, é a falta de formación do profesorado en relación con este proxecto, sobre todo en secundaria -cunha organización da distribución das clases máis rixida para primeiro da ESO (onde estarán os equipos do Proxecto), o que dificultará a existencia de profesorado con formación suficiente en didáctica dos medios

e habilidades dixitais para acceder ás clases que dispoñan deste equipamento-. Galicia é a Comunidade Autónoma das que participa no programa que menos profesorado formou³. ¿De que servirá a tecnoloxía se non se acompaña de formación e de bos materiais (en galego tamén⁴) para o seu uso docente? ¿Que continuidade terá este programa nos próximos cursos co mesmo alumnado? (A Xunta di que non sabe). Improvisación, favoritismo e falta de rigor fan que un esforzo conxunto das Administracións se convertese nun problema neste inicio de curso.

3. Para coñecer estes datos, mesmo comparando coas outras Comunidades Autónomas, ver “MEC Datos y cifras. Curso escolar 2010/2011”. Podemos velos en: http://www.educacion.es/mecd/estadisticas/educativas/dcce/Datos_Cifras_web.pdf

4. Mesmo os propios computadores non veñen preinstalados en galego. ¿Lémbrese como a Xunta atribuíu o retraso no subministro dos equipos ás “altas prestacións” que lle esixiran no equipamento destes aparellos? Pois “esqueceron” incluír o galego nos portátiles, segundo comprobou o profesorado que asistiu á presentación da primeira aula instalada experimentalmente.

A EDUCACIÓN NO RURAL

Non podemos esquecer a supresión de centros no rural. Este problema non é imputable exclusivamente a este goberno, xa que vén de lonxe: en todos os principios de curso, con máis ou menos escándalo nas cifras, péchanse centros no rural. Falta unha aposta por aclarar o modelo de rural que queremos, e despois planificar e investir, co fin de evitar así que no sistema educativo estar no rural discrimine. É moi rotundo dicilo deste xeito, pero os datos obxectivos non admiten lecturas xustificadoras da situación. Non son só os desprazamentos para os que se quedaron sen centro -este ano ou o anterior- e deben ir a outro máis lonxe e estraño. Son tamén os desprazamentos que no conxunto do mundo rural son sempre maiores. Son as menores oportunidades de optatividade nos centros de secundaria -que ás veces provoca que haxa alumnado que non pode presentarse na selectividade ás materias optativas que teñen unha maior ponderación para a nota media-, son o menor número de apoios e de programas alternativos (como os PCPI ou PDC), que requiren un número mínimo de matriculados

para poder ser implantados; son os materiais escolares pensados para a maioría urbana, ou o propio profesorado que vivimos maioritariamente nas cidades. Este, polo tanto, é un tema de principio de curso, de todos os cursos, pero de longo percorrido e non atribuíble a un só goberno en concreto. Por ese motivo é pertinente lembrar unha reclamación que levamos formulando desde a propia Mesa de Educación no Medio Rural de maneira reiterada, para que sen máis dilacións se proceda á articulación dun plan integral sobre o medio rural, como prioridade para a administración galega en clave de País. Entendemos que xa é hora de que o goberno galego no seu conxunto e o Parlamento leven a cabo unha acción política a prol do desenvolvemento do medio rural de maneira estratéxica.

A AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA E A FORMACIÓN DO PROFESORADO

Outros elementos de preocupación na breve -pero, como vemos, “moi fecunda”- xestión deste goberno son dúas cousas das que se falou menos no inicio deste curso, pero que son moi importantes: o abandono na Avaliación diagnóstica e os cambios que se tramitan na formación do profesorado.

A **avaliación diagnóstica** é obrigatoria por Lei Orgánica, que indica que cada ano se deben valorar as Competencias Básicas que acada o alumnado en 4º de primaria e 2º de ESO, con fins exclusivamente informativos para os centros e formativos para os alumnos. Fíxose tarde e mal o curso pasado; non se tomaron medidas de acompañamento para que os centros fixesen plans de mellora dos resultados obtidos -que é o fin último declarado desta iniciativa-, e para este ano anúnciase que probablemente non se fará. Conseguirán así que se desacredite unha iniciativa (non discriminatoria) para a mellora da Educación Obrigatoria coa que o PP non estaba de acordo -como é sabido demandan reválidas seleccionadoras-, non tanto por non ser válida a medida, canto pola desidia en poñela en práctica, facendo así de xuíz e parte cando previsiblemente defendan no futuro que esta Avaliación Diagnóstica é ineficaz.

Na **formación do profesorado** tívose a consulta no Consello Escolar de Galicia un novo Decreto que vai diminuír ata extremos ridículos a rede de centros de formación do profesorado (CFR), cando xa era a menor do Estado, e que a vai facer totalmente dependente do goberno, cando ata o de agora tiñamos un modelo cun certo grao de autonomía que lle proporcionaba moita máis eficacia a esta formación. E, sobre todo, esta diminución e as disposicións do

Decreto abren a porta á privatización do servizo, tal como están facendo en Madrid. Precisamente no Consello Escolar de Galicia non se logrou aprobar o ditame preceptivo antes de aprobarse o Decreto, circunstancia que só ocorreu con este goberno dende a existencia deste órgano consultivo. Porén, no web da Consellería distorsiónase a situación afirmando o contrario (a prensa deu conta da situación real con informacións dos sindicatos e MRP).

Facemos unha nova chamada de atención sobre o que acontece coa formación do profesorado promovida desde as propias organizacións docentes, cada vez máis coutada por diferentes atrancos burocráticos e carente de apoio económico, a pesar de que en moitas ocasións son iniciativas con obxectivos e formatos non cubertos pola oferta oficial e demandados polo profesorado.

RECORTES NO PROFESORADO, CENTROS E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O capítulo de recortes ten un eixo importante na supresión do número de profesorado dos centros. Mais alá de se son 676, como din os sindicatos, ou ningún, como primeiramente indicou a Xunta para logo recoñecer 300 (co argumento de que era profesorado de centros sobredimensionados que non se necesitaban ou que aínda non se teñen os “datos finais” de matrícula dos centros), a cuestión é que existe esta diminución e que afecta á calidade do ensino, pois significa que haberá menos profesorado de apoio e, polo tanto, peor atención á diversidade; que haberá menos optativas, sobre todo nos centros rurais e das vilas; que haberá máis ratio de alumnado por profesor, o que incide tamén negativamente na atención á diversidade. Polo tanto, diminuír a calidade dun servizo público fundamental, o que tanto nos prometeron que non farían, precisamente por estar en tempos de crise, nos que é clave reforzar a educación. Propaganda, xaora.


Mentres tanto concértanse máis centros e seguen tendo subvención mesmo aqueles que discriminan por razón de xénero. E mentres tanto tamén algúns equipos directivos non aceptan os recortes (inexistentes para a Consellería de Educación) e dimiten, como os dos IES de Brión ou Breamo (Pontedeume). Tampouco as familias do alumnado do IESP de Curtis están dispostas a aceptar a supresión do ciclo medio de electricidade, nin as opcións carentes dun mínimo criterio pedagóxico que a administración lles ofrece, logo de escoitar ademais as consideracións do director xeral facendo descansar a medida tomada na falta de merecementos dos estudantes afectados para dispor de oportunidades educativas.

As ANPA veñen denunciando a supresión de persoal que atenda os comedores e a falta de prazas para cubrir a demanda nestes servizos fundamentais para a conciliación da vida laboral e familiar.

A cuestión dos recortes forma parte do desgastado *mantra* da austeridade que é o gran marco teórico no que se asenta a política de desmantelamento da escola pública desta Consellería, agás cando se trata da propaganda. Trátase, segundo nos recomendan, de “facer máis con menos”, o que nas aulas parece parafrasear o slogan dunha coñecida tenda de mobles sueca. ¿Remataremos tamén por facer algo de bricolaxe educativa para agargalar o que poida quedar do modelo de escola pública polo que traballamos?



A N O V A N D O A P R E N D E N D O G A L E G U I Z A N D O



engádeste?
engádeste?
engádeste?
engádeste?



www.nova-escola-galega.org

NOVA ESCOLA GALEGA iniciou unha campaña para convidar as persoas que teñan semellantes intereses na renovación pedagóxica e na galeguización -en definitiva, na consecución dunha escola pública, democrática e galega-, para que se engadan a nós.

Enviáronse aos centros educativos elementos da campaña, nos que se inclúen formularios de asociación e tamén da subscrición á Revista Galega de Educación. Podedes dirixirvos á nosa sede por calquera medio que vos resulte máis doado, para terdes información máis ampla ao respecto. Grazas.